



PAZO DE ANDEADE - TOURO

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

19 FEBREIRO 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

DATOS BÁSICOS

Comezo: Ponte Besabe
Remate: Pazo de Andeade
Distancia lineal: 11,4 km.
Duración aproximada: 4 horas
Dificultade: Media-Baixa.
Altura Máxima: 458 m.
Altura Mínima: 307 m.
Ascenso total: 336 m
Descenso total: 123 m

Próxima Ruta:
SERRA DA LOBA.
26 MARZO 2022

Comezamos a ruta, denominada Ruta dos Tres Ríos, en Ponte Besabe, a carballeira, os primeiros sobreirales e o remanso da auga do Ulla é o primeiro



que encontramos. Este río nace nos montes de Olveda no concello de Antas de Ulla, provincia de Lugo, entrando ao pouco do seu nacemento en Monterroso. Os seus dous

afluíntes principais son pola esquerda, o Arnego e o Deza, pola dereita recibe as augas do Pambre, Furelos e cerca da súa desembocadura o río Sar, un pouco antes de recibir as augas do Pambre forma as Torrentes do Macara.

O seu curso limita as provincias de A Coruña e Pontevedra desembocando na ría de Arosa a altura de Catoria tras percorrer 132 km. A súa conca é de 2.764 km cadrados, a segunda mais importante de Galicia despois do Miño e unha das mais salmoneiras. As súas augas son retidas polo embalse de Portodemouros. Entre os seus recursos piscícolas encóntrase tamén a troita, anguía e lamprea.




Continuamos polo río Ulla ata unión con río Lañas onde apreciaremos a beleza paisaxística que nos ofrece a desembocadura do Lañas no Ulla. O seguinte salientable é o Santo das Pombas: constitúe unha paraxe de increíble beleza, dos mas importantes que encontramos no concello e xa na parroquia de Cornado. Está situado no río Lañas, afluínte do río Ulla que percorre o concello de Touro, salvando un forte desnivel no seu tramo final, onde forma varios rápidos e fervenzas. A máis alta presenta unha caída de auga de uns 10 metros encaixada entre rochas metamórficas. O entorno no que se sitúa esta cascada está composto por prados, monte con vexetación autóctona e tamén de repoboación, e bosques de ribeira.




conxunto de de dous muíños, onde pódese apreciar a distribución típica dos muíños antigos. Presenta todas as partes das que constaba un muíño, onde o que máis destaca e o pe e a capa.

Dende aquí xa ata Area recreativa de A Santaia, unha zona de descanso e esparexemento que deixaremos atrás, así coma os ríos, para meternos xa polos montes do ao redor para chegar a A Igrexa, onde destaca A Igrexa de Santiago de Andeade. Igrexa parroquial do século XVIII de estilo barroco. Planta dunha nave rectangular con cabeceira cadrada destacada. Porta de marquetería lisa, arriba ventá na tribuna con lixeira bucina e marquetería lisa. Nos esquinais, pilastras lisas rematadas con xerros con tapa de bola. Espadana con imposta baixa a maneira prioral. Vans de medio punto resaltados. Final de triangulo curvo con pináculo piramidal moi esbelto entre outros balaustrados.

O fin de ruta xa un pouco pola estrada e o Pazo de Andeade onde nos espera o cocido típico destas datas, onde poderemos desfrutar da súa cociña e instalacións. Rehabilitado, actualmente explótase como Casa de Turismo Rural e



Seguimos con puntos de interese e estes son os Muíños de Carballa, recentemente rehabilitados e moi destacados. Na parroquia de Fao, e no lugar dos montes de Fao, están emprazados na marxe esquerda do río Lañas. Trátanse duns muíños bastante antigos. Constitúen un



Restaurante. Fundado en 1724 por Don Antonio Verea e Pecheco e Dona María Antonia Varela Lodeiro e Figueroa, presenta planta rectangular e muralla con portalón de acceso, que xunto as cadras dos cabalos, a vivenda dos caseiros, o hórreo e a capela conforman un patio pechado con un paseo de plataneiros ata a entrada que lle da un aspecto señorial, aínda que o conxunto é sobrio dentro da súa sinxeleza.